

Manual de supervivencia na Escola 2.0.

O novo modelo de formación. A transformación da Educación.


As Novas Tecnoloxías, e sobre todo Internet, facilitaron ferramentas que mudaron, e ás veces melloraron, os anteriores mecanismos de aprendizaxe. Aplicado á educación, o uso das mesmas modificará o modelo de formación dos rapaces e rapazas, polo que é necesario que tanto eles como os seus pais e nais estean preparados para o cambio.

1. O cambio de concepto



Coas novas técnicas de formación o concepto tradicional de escola, onde un mestre imparte unha materia e os alumnos e alumnas se limitan a coller notas e facer preguntas, mudou.

O novo concepto de educación, a **Escola 2.0**, permite unha creación da información de xeito colaborativo, onde tanto uns como os outros forman parte da elaboración dos contidos e poden aprender dos demais. Unha intelixencia colectiva que se reflicte nunha elaboración colaborativa.



As claves da nova formación pasan polo cambio na forma de comunicarse, de colaborar, de compartir e de confiar no resto de membros do grupo. O uso das ferramentas que brinda a Internet e o resto de **Novas Tecnoloxías** mellora a comunicación, fai que o pensamento se desenvolva co **intercambio** cos demais e incentiva a discusión como método de aprendizaxe e parte importante no proceso educacional.

Así mesmo, a Escola 2.0 elimina as barreiras da educación ao **non limitar** esta ás horas de docencia presencial. Dese xeito, a formación prodúcese tanto fóra como dentro do centro escolar, **ampliándose a formación** a diferentes lugares e horarios.



Co novo concepto, a formación non comeza nin remata na escola, senón que é un continuo tanto para os rapaces e rapazas como para os mestres.

2. Construindo Escola. Formando persoas



Como sinalábamos no punto anterior, ao **prescindir dun espazo** físico e horario onde os nenos e nenas aprenden, as novas xeracións pasan a experimentar un modelo de aprendizaxe baseado nas tarefas que eles mesmos **deciden cando e onde facer**. A construción do pensamento e a adquisición de coñecemento deixan de limitarse ao horario lectivo e poden levarse a cabo cando o propio rapaz ou rapaza o precise.

Por outra banda, o mestre deixa tamén de ser en exclusiva, un emisor de información para converterse nun **guía a través dos contidos**, coa función de facilitarlle aos alumnos e alumnas a súa propia **autoaprendizaxe**. Do mesmo xeito, o propio profesor é quen de escoitar as ideas e pensamentos dos seus alumnos e alumnas, co que pode tamén aprender deles e modificar sobre a marcha o camiño cara o coñecemento.

Deste xeito a **Escola 2.0** permite o traballo en grupo e a colaboración total entre os alumnos e alumnas, de maneira que a implicación nas tarefas aumenta, o tempo adicado as mesmas é maior e a capacidade de asimilar e interiorizar a información varia.

Como pais e nais, cómpre preparar os rapaces e rapazas para o **traballo en grupo**. Explicarlles que compartindo, respectando os outros, responsabilizándose das tarefas que teñen asignadas e colaborando, apréndese máis e acádanse mellores resultados.

Neste novo sistema, os nenos e nenas aprenden a tomar decisións de seu, incrementando a súa **autonomía** e desenvolvendo a responsabilidade propia dun xeito máis amplo. Dilúese a idea dunha autoridade central que, en exclusiva, lles solicita o cumprimento dunhas obrigas, senón que son os seus propios compañeiros e compañeiras os que precisan do seu traballo para realizaren as tarefas con éxito.



Unha iniciativa
 ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
 DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Creado por
 sdweb





Finalmente, o propio rapaz acada a capacidade de aprender dos seus compañeiros e compañeiras, entendendo que a propia perspectiva non sempre é atinada e que, cando menos, escoitar as opinións dos demais axuda a obter un punto de vista máis acertado sobre calquera asunto.

3. Ferramentas da Escola 2.0



Ademais dos diferentes programas que se usen no colexio, os alumnos da Escola 2.0 teñen a vantaxe de poder utilizar as distintas ferramentas existentes na Internet para completar e mellorar a súa formación.

O uso de portais web de referencia, como a Galipedia (<http://gl.wikipedia.org/>) ou as web universitarias; os materiais audiovisuais, como o Flickr (<http://www.flickr.com/>) ou Vimeo (<http://vimeo.com/>); os correos electrónicos, mensaxería instantánea e demais, fai que a consulta de fontes e a comunicación entre os alumnos e alumnas sexa altamente fluída e mellora o rendemento dos rapaces e rapazas no seu proceso formativo.




Unha iniciativa
 ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
 DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Creado por
 sdweb





Debemos ter en conta que a propia configuración social da Rede permite compartir os contidos de xeito **instantáneo** e proporciona aos estudantes un amplo abano de posibilidades multimedia para a ensinanza que, ben aproveitados, **optimizan o resultado final**.

Imaxes, audio, vídeo, animacións, mapas interactivos... as ferramentas desta nova Escola brindan ao profesorado a posibilidade de compatibilizar **diversas fontes de información** e, dese xeito, mellorar o proceso formativo dos máis novos.

Sen embargo, tanto para formadores como para pais e nais, cómpre un proceso de adaptación que pasa por aprender a utilizar as tecnoloxías da información e comunicación, a comprender a necesidade da rapidez nas respostas ás cuestións que os nenos e nenas expoñen e, en resumo, a mudar o xeito de comunicarse e de ensinar novos coñecementos aos rapaces e rapazas.

4. O mapa da nova formación

Segundo co exposto no último parágrafo do punto anterior, tanto pais e nais como formadores precisan dun coñecemento polo miúdo das claves fundamentais que sosteñen a nova **Escola 2.0**, de xeito que ao entendelas poidan usalas e participar de xeito activo na formación dos rapaces e rapazas.



Unha iniciativa

 ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓGICA GALEGA

Coa colaboración de


 DEPUTACIÓN DE GALICIA

Creado por

 sdweb



Dentro do novo sistema educativo, os máis novos utilizan de xeito cotiá algunha das seguintes ferramentas (ou todas elas):



Escritorios virtuais.- Son a base da nova formación; un espazo web de acceso restrinxido onde alumnado e profesorado comparte a información, debate sobre ela, descarga contidos e incorpora a súa propia contribución para que os demais compañeiros e compañeras teñan acceso a ela.

Blogs.- Ben persoais, ben colectivos, os blogs forman parte da Escola 2.0 e permiten aos alumnos (ou á clase enteira) trasladar os seus pensamentos, inquedanzas, coñecementos, etc. ao colectivo, recibindo á súa vez una resposta aos mesmos grazas aos comentarios publicados a cada entrada publicada ou *post*.

RSS.- Os feeds RSS ou Sindicación de Contidos permiten ao alumnado administrar contidos de moi diversas fontes desde un único espazo web, de xeito que aforran visitar cada un dos medios (blogs, xornais, portais web corporativos, etc) nos que se publica.

Multimedia.- Portais web como Youtube, Flickr, Vimeo, Goear, etc., permiten aos alumnos e alumnas compartir e acceder a información audiovisual de xeito inmediato. Imaxes, vídeos, audio, etc. que achegan un novo xeito de aprendizaxe activo que facilita e mellora a capacidade de asimilación da información.

Wiki.- As ferramentas wiki, onde a participación e comunitaria, permiten que os membros da Escola 2.0 acaden un coñecemento colectivo froito da cooperación, ao tempo que ensinan que traballando en grupo se acadan mellores resultados.



Unha iniciativa
aspg ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓGICA GALEGA

Coa colaboración de
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Creado por
sdweb



Por parte dos pais e nais, coñecer e valorar este procedemento é determinante para poder axudar os seus fillos e fillas, xa que os mecanismos de avaliación no novo sistema formativo permiten tamén que estes paticipen, amosándolles os **avances** que o neno acadada a diario, as materias nas que ten máis dificultades, etc.

6. Conclusións



Exposto todo o anterior, debemos reflexionar sobre a importancia que na formación dos máis novos ten e terá a **Escola 2.0**.

Un sistema formativo que permite que o proceso de aprendizaxe deixe de estar limitado a un espazo físico e temporal, onde o neno ou nena xa non só interioriza, senón que tamén comparte, incrementa enormemente a capacidade de aprender dos **Nativos Dixitais** que se benefician del.

Neste sentido, as novas ferramentas tecnolóxicas facilitarán a aparición dunha **nova xeración** de persoas altamente formadas que, ademais, aprenderán dende cativos a importancia do traballo en equipo.



A nosa obriga como pais e nais é a de aprender todo o posible sobre os mecanismos e ferramentas que presenta a Escola 2.0, de xeito que lles podamos sacar o máximo partido e teñamos capacidades suficientes para axudar os nenos e nenas no seu camiño para acadar una formación integral e uns coñecementos amplos de cara ao futuro.



Unha iniciativa
aspg ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
**DEPUTACIÓN
DA CORUÑA**

Creado por
sdweb





Por que a Escola 2.0 elimina as barreiras espaciais e temporais da formación?

- A. Porque conleva que os rapaces e rapazas leven máis tarefas para a casa.
- B. Porque o profesorado os ten controlados por Internet.
- C. Non se eliminan barreiras coa Escola 2.0, é todo como antes.
- D. Porque os estudantes poden estar sempre conectados e participar da ensinanza en calquera momento e lugar. **Esta é a correcta**

Que é a formación participativa?

- A. Refírese a que os alumnos xeran os seus propios contidos e os comparten cos compañeiros para acadar un coñecemento maior. **Esta é a correcta**
- B. Significa que os pais tamén lles teñen que ensinar aos fillos e ás fillas temas da escola.
- C. Fai referencia a que o profesorado pode coordinarse entre si para mellorar o temario dos rapaces.
- D. É a capacidade dos estudantes de acceder a información oficial que hai na Internet.

Por que os pais deben coñecer e manexar ferramentas 2.0?

- A. Para entender e axudar os fillos no seu proceso formativo. **Esta é a correcta**
- B. Para vixiar que os nenos e as nenas estuden e non se adiquen a navegar pola Internet cando deberían estar a traballar.
- C. Para poder consultar as notas dos rapaces de xeito telemático.
- D. Os pais non teñen por que manexalas, pero é interesante que o fagan para resolver dúbidas técnicas dos máis novos.



Que vantaxes ten o novo sistema de avaliación?

- A. Ningunha. Os nenos van seguir a aprobar ou suspender igual.
- B. A avaliación continua permite unha maior axilidade á hora de corrixir as partes do programa de estudo nas que os rapaces levan peor. **Esta é a correcta**
- C. A avaliación continua fai que os estudantes teñan máis presión e lle adiquen máis horas para sacar mellores notas.
- D. O novo sistema de avaliación obriga os mestres a facer exames máis a miudo.

PALABRAS CLAVE

Wiki.

Portal web que pode ser editada por múltiples voluntarios de xeito doado, tendo todos capacidade para engadir, modificar ou eliminar texto, imaxes e outros elementos. O termo provén do Hawaiano e significa “facer as cousas de xeito sinxelo e rápido”.

Blog

Chámase así á páxina web que permite publicar contidos na Internet, de xeito doado, a unha persoa. Eses contidos poden ser consultados e comentados por outros, mellorando a comunicación e xerando un valor engadido ao pensamento.

RSS.

Os RSS son documentos XML que resumen o publicado nun medio da Internet (blog, xornais, etc) e que poden ser consultados dende unha soa páxina, sen necesidade de ir web a web lendo cada un dos artigos.



Unha iniciativa
 ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
 DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Creado por
 sdweb



SABÍAS QUE...



...moitos mestres están a formarse na Escola 2.0 para prepararse de cara ao futuro?

As Novas Tecnoloxías aféctanos a todos, e o profesorado non pode quedar fóra. O sistema formativo mudou, e mudará aínda máis, polo que os profesores deben adaptarse ao mesmo e prepararse para poder sacarlle o máximo partido ás ferramentas coas que contan.

A dificultade engadida de que os rapaces e rapazas sexan Nativos Dixitais, é dicir, que manexen de xeito avanzado as ferramentas, fai que os mestres deban obter coñecementos específicos sobre elas e, así, poder aproveitalas de cara á formación dos seus alumnos e alumnas na nova Escola 2.0.

Neste sentido é destacable o esforzo persoal que están a realizar para adaptarse ás novas tecnoloxías desenvolvendo novos recursos, estratexias e metodoloxías pedagóxicas aos máis novos.



Unha iniciativa
 ASOCIACIÓN
SOCIO-PEDAGÓGICA
GALEGA

Coa colaboración de
 DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

Creado por
 sdweb

